

## **CIRCULAR 52-2017**

- A todas as Delegacións (\*)

- A tódolos asembleístas

- A tódolos membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

# **CONFIRMACIÓN PARTICIPACIÓN NO IV CAMPIONATO DE ESPAÑA INFANTIL POR EQUIPOS**

Con vistas a confirmación a participación de equipos galegos no IV Campionato de España Infantil por equipos a celebrarse os vindeiros 24 e 25 de Xuño no Estadio Sánchez Menor de Puertollano, solicítase a tódolos equipos participantes que manifesten o seu interese enviando un correo electrónico a [direcciontecnica@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnica@fgatletismo.com) antes das 20:00 do 26 de maio.

No caso de haber mais de dos equipos masculinos e dos femininos interesados, os equipos participantes designaranse por estadillo de marcas da tempada 2016/1017 dos atletas con licenza por ese club na tempada. O sistema de puntuación obterase aplicando a Táboa da I.A.A.F. segundo a seguinte normativa que será a que se aplicará no IV Campionato de España Infantil por equipos (ver regulamentación da RFEA):

- Cada equipo estará formado por 8 atletas
- Cada atleta deberá realizar dúas probas (1 carreira e un concurso) e 5 de eles realizarán o relevo 5x80.
- Cada proba individual será realizada por dous atletas de cada equipo.
- Un participante só poderá ser inscrito por un equipo

As probas a celebrar divídense en tres grupos:

Carreiras: 80m, 1000m, 80mv e 2000m marcha

Saltos: Altura e lonxitude

Lanzamentos: Peso e xavelina

Relevos: 5x 80m

No caso de precisarse o envío do estadillo, a dirección técnica poñerase en contacto cos clubs participantes para que este sexa enviado antes do mércores 31 de maio às 20:00. Os rexistros deberán acadarse en probas oficiais segundo a regulamentación vixente de medida do vento e normativa de saídas.

Dolores Rojas Suárez  
Secretaria Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 9 de maio de 2017